

Consellos

O **horario** de inicio das actividades é ás **9.00 h** e de remate ás **14.00 h**, pero por motivos de conciliación as nenas/os poderán acceder ás instalacións a partir das 08.30 h e permanecer ata as 14.30 h. Pregamos respectar os horarios de inicio e de remate, para evitar interromper o normal desenvolvemento das mesmas. Só poderán alterarse por causa debidamente xustificada. Non se poderá ter máis de dúas faltas sen xustificar. Aconséllase estar na entrada polo menos cinco minutos antes do horario de inicio.

Realizaranse saídas diarias ao parque anexo ao Centro Municipal de Emprego.

As nenas/os deberán traer **roupa e calzado cómodo** e que se poida ensuciar para a realización das diferentes actividades e obradoiros.

En caso de enfermidade, pola saúde do resto das nenas e nenos, recoméndase que **non veñan ás actividades**. No caso de presentar síntomas do COVID-19 recoméndase que non acudan ás actividades e informen ao persoal educativo.

Non se permite traer ás actividades aparellos electrónicos, móbiles, videoconsolas, xoguetes etc.

A organización non se fai responsable das perdas de cartos, nin de obxectos de valor ou pezas de roupa que poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

Lembrar que as nenas e nenos só poderán ser **recollidos** das instalacións, única e exclusivamente, polas **persoas autorizadas** na ficha de inscrición debidamente identificadas.

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021




Tempo de verán e consumo responsable

Escola de verán da OMIC

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

Prazo de inscrición do 11 ao 15 de xuño

Inscrición a través da Sede
Electrónica do Concello da
Coruña
(<https://sede.coruna.gob.es/>) ou
remitindo esta folla (e a
documentación acreditativa de
conciliación familiar, se é o caso)
ao correo omic@coruna.es



Autorizacións

Nome e apelidos da Nai/Pai ou Titora/Titor:

DNI: Teléfono:

Correo electrónico:

en calidade de nai, pai ou representante legal da/o menor. (sinalar o axeitado), solicita **INSCRICIÓN** na quenda na que foi previamente seleccionado:

Primeira quenda Segunda quenda

Empadroada/o no Concello da Coruña: Si Non

En caso afirmativo **AUTORIZO** ao Concello da Coruña, competente en materia de empadroamento a que recabe a información correspondente á consulta que sinalo: Si Non
En caso contrario deberei achegar a documentación que me sexa solicitada, no seu caso.

AUTORIZO á miña filla/o ou tutelada/o a participar nas Actividades da Escola de Verán de Consumo 2021, organizadas pola OMIC da Coruña. Fago extensiva esta autorización ás condicións médico-cirúrxicas que, no caso de urxencias, fose necesario adoptar baixo o control facultativo pertinente, de resultar imposible a miña localización: Si Non

AUTORIZO o uso pedagóxico das fotografías e imaxes realizadas nas actividades da Escola de Verán 2021, organizada pola OMIC da Coruña. Da mesma maneira dou o meu consentimento para que ditas imaxes sexan empregadas polos medios de comunicación autorizados pola OMIC da Coruña: Si Non

AUTORIZO a asistir ás seguintes visitas/saídas que se realizarán en autobús, programadas e previamente informadas:

Quenda 1: 02 xullo. Visita ao Parque do Monte de San Pedro: Si Non

09 xullo. Visita ao Parque de Bens e Centro Municipal para o cambio climático e a enerxía sostible: Si Non

Quenda 2: 23 xullo. Visita ao Mercado Municipal de Eusebio da Guarda (Praza de Lugo): Si Non

30 xullo. Visita á Lonxa da Coruña: Si Non

DECLARO responsablemente que ambos proxenitores/as estamos ambos traballando, ou teletraballando no caso de familias monoparentais. Achego documentación xustificativa

AUTORIZO a estas persoas a entregar/recoller á /ó participante nas actividades:

Nome e Apelidos:

DNI: Teléfono:

Nome e Apelidos:

DNI: Teléfono:

Ficha de inscrición

Nome e apelidos da/o participante:

Idade: Data de nacemento:

A/o participante precisa algún tipo de atención específica individualizada.

Si Non (En caso afirmativo, detalle o máximo posible).

A/o participante precisa atención médica específica (diabetes, epilepsia, medicación...)

Si Non (En caso afirmativo, detalle o máximo posible).

A/o participante ten algún tipo de alerxia ou intolerancia.

Si Non (En caso afirmativo, detalle o máximo posible).

A/o participante precisa acceder ás instalacións antes das 09.00 h. Si Non

A/o participante precisa quedar nas instalacións antes das 14.00 h. Si Non

Marque cun X o grupo de idade e quenda na que resultou admitida/o:

Grupo A de 4 a 6 anos Grupo B de 7 a 10 anos

Quenda 1: do 01 ó 15 de xullo Quenda 2: do 17 ó 30 de xullo

A persoa que asina esta inscrición declara que todos os datos son certos.

Co fin de cumprir co RGPD (EU) 2016/679, do 27 de abril de 2016, así como coa súa lexislación complementaria e co Artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, infórmase de que os datos de carácter persoal declarados polo interesado pasarán a formar parte dun ficheiro automatizado, cuxo responsable de tratamento será o Concello da Coruña, e cuxa finalidade e usos previstos son a xestión de actividades educativas pola Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC).

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativos ós datos persoais rexistrados nestes ficheiros poderán exercerse ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza María Pita, nº1) nos termos que establecen os artigos 12 e seguintes da citada Lei Orgánica.

*A/o declarante comprométese a comunicar ás persoas autorizadas a recollerás nenas/os que os seus datos foron facilitados e seguirán o mesmo tratamento descrito con anterioridade.

A Coruña, a de de 2021 Asinado